



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 15 DE
OUTUBRO DE 2012**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE

CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRIGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

INTERVENTOR EN FUNCIONS

D. LUÍS M. LOZANO LORENZO

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día quince de outubro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcions.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- PRONUNCIACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO

EXPEDIENTE DE CAMBIO DE DESTINO DE TRES PRÉSTAMOS (EXERCICIOS DOS ANOS 2009, 2010 E 2012).

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 15/D/2012 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 30/2012).

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2/R/2012 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 31/2012)-

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 3/R/2012 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 32/2012).

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 16/D/2012 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 33/2012).

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO AO RECOÑECIMENTO DE PRESTACIÓN ECONÓMICA NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DA ESTRADA.

1º.- PRONUNCIACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

***Sr. Alcalde:** Boa tarde a todos e benvidos á sesión extraordinaria e urxente do pleno e como corresponde a tal sesión o primeiro que faremos será o pronunciamento da urxencia da sesión e ven motivada polos asuntos de modificacións orzamentarias basicamente derivadas da adaptación das partidas para a execución do Plan de Investimentos e de obras do concello da Estrada. Este era un aspecto que xa se falou na comisión informativa, estivo xa debatido en comisión, e se valorou a posibilidade de incorporalo fora da orde do día pero a petición dos grupos da oposición se decidiu facer un pleno extraordinario e urxente para debatelos e tratalos de forma individualizada. Así que ese é o motivo polo que se convoca esta comisión extraordinaria e urxente para, posteriormente dos tramites informativos pertinentes poder acometer o proxecto, o plan de investimentos que temos vinculado a estas modificacións presupuestarias. Votamos, se non hai ningunha intervención, a urxencia da convocatoria da sesión. Apróbase por unanimidade a urxencia.*

A continuación procedeuse a debater os puntos segundo, terceiro, cuarto, quinto e sexto da orde día dunha forma conxunta e despois houbo unha única votación destes cinco puntos, finalmente aprobados os cinco por unanimidade.

Sr. Alcalde: *Segundo punto, aprobación se procede, do ditame da Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas relativo ó expediente de cambio de destino de tres prestamos. A proposta do concelleiro de Facenda é se lles parece ben facer un único debate polos tres puntos da orde do día ou se non hai acordo facer un debate individualizado de cada un dos puntos. Ese é un dos temas que eu lle deixo á súa decisión, en principio esa é a proposta e na súa intervención primeira, en función do que opinen, así decidiremos votacións individuais e debate conxunto ou votacións individuais e debate individual. Cédolle a palabra, polo tanto, ó concelleiro de Facenda.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Boas noites. Trátase dunha serie de expedientes de modificación de destinos de determinados préstamos de transferencias de partidas orzamentarias e xeneracións extraordinarias de crédito. Os obxectivos comúns de todos os procedementos serían tres inversións que serían reposición dos servizos de abastecemento e saneamento na calle Leicures, as instalacións de colectores, papeleiras e toda actuación relacionada coa recollida de lixo e a terminación da depuradora de Balseiros – Rubín. Entón o que se fai é simplemente rebuscar nas diferentes partidas para dotar adecuadamente de financiación a estes investimentos.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Moitas grazas. Ten a palabra Sra. Louzao.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben, boas noites a todos e a todas. A verdade efectivamente atopámonos aquí nun pleno extraordinario para tratar varios asuntos que como xa se explicou foron a comisión e así se acordou levalo a pleno extraordinario para poder tratalo de xeito individualizado como corresponde. Ben, a verdade é que nos atopamos nunha situación curiosa, nunha situación a dous meses de final de ano, unha situación na que se dicía por parte do goberno que se rebuscaban partidas. Curiosamente unha delas e moi importante a dos remanentes do exercicio 2011 o que quere dicir que desde logo o orzamento do 2011 non debeu ser tan malo cando permite facer a dous meses a final do 2012 obras que non estaban previstas ou contempladas nos orzamentos e que, curiosamente, cando, insisto faltan dous meses para que remate o ano non deixa de ser unha clara falta de previsión e organización por parte do goberno que levemos a maior parte do ano sen facer estas obras podendo facelas ou ben que a dous meses nos poñamos a correr para facer suplementos de crédito, redistribución, contratar obras sen executar obras cando, insisto, tiñamos un ano para planear adecuadamente e podelo facer. Ademais vemos que, unha por exemplo, entre os cambios de destino dos prestamos vai 44.000 euros para abastecementos de auga na zona do rural. Nos gustaría que nos dixeran cales son os abastecementos de auga que se desiste de facer este ano e por iso se vai a redistribuír este diñeiro deste préstamo ou ben que se nos diga que pasou co que finalmente se falou na comisión do saneamento en Figueroa, saneamento que estaba previsto e que se dixo que nestas modificacións se ía a incorporar. Polo tanto, insisto, falta de organización, falta de previsión por parte do goberno e presa e correndo a dous meses de que remate o ano e curiosamente en época electoral.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, ten a palabra Sr. Magariños.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Insistir na argumentación da portavoz do grupo socialista. Isto non é mais que demostrar unha falta de previsión por parte do goberno municipal e que efectivamente as contas do ano 2011 tampouco parece que foran tan negativas como desde o goberno municipal se enchen de dicir unha e outra vez.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Moitas grazas Sr. Magariños. Ten a palabra Sr. Alberto Blanco.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP : *Ben, falta de planificación, bueno se nos fixamos de onde veñen as partidas de financiación destas inversións vemos que son extraorxamentarias. As contas do 2011, desde logo, víronse ó final que non foron tan malas, non quere dicir que non foran indo tan mal. Volveríamos, se queren vostedes, a repasar todo o devagar económico do orzamento 2011, como se acometeron unha serie de medidas por parte deste grupo municipal de goberno no momento en que se chegou, metendo o freno de man como se suele dicir porque todos sabemos e está aí constatado que existían partidas como é rural, cultura, totalmente sobrepasadas. Se tomaron unha serie de medidas de aforro e os tan discutidos, polo menos algún grupo municipal como foi o Bloque o outro día nos daba a razón, que non hai porque regalar os cartos a Fenosa. Se tomaron medidas de aforro, xestionando como é por exemplo con Telefónica conseguindo aforros de, creo recordar agora, de 50.000 euros. Toda unha serie de aforros, a propia plataforma de contratación que aparte de darlle oportunidades a tódolos negocios da Estrada permitiron uns aforros importantes neste concello. É dicir toda unha serie de actuacións, incluído o préstamo ICO, acordo con Augas de Galicia para demorar o pago de 200.000 euros ó ano 2012. É dicir, as contas do 2011 si estaban mal no momento en que chegamos, sen darlle máis voltas á perdiz, pero bueno, se conseguiron uns remanentes e estes remanentes son parte da financiación do que vamos a acometer agora. Non existe falta de planificación porque son, xa lle digo, financiación que se obteñen de forma extraorxamentaria, prestamos que viñan doutros exercicios. Como se pode ver, creo recordar que eran 2009 e 2010 que quedaron aí. Non serán vostedes quen digan que planifican ben cando foron deixando prestamos atrás. Se colle un préstamo do 2012 que se contratou hai pouco. Falta de planificación eu penso que non é porque as fontes de financiación algunhas delas apareceron agora e outras non se puideron acometer ata hai pouco. As obras? Bueno as obras eu penso que..., ah perdón que me preguntaba vostede polo saneamento de Figueroa. O saneamento de Figueroa, a suxerencia dos comentarios que fixo o outro día o concexal Espiño, que dixo que a obra de Leicures que debería de ser máis ambiciosa e, tivemos en conta eses comentarios e pegámoslle un repaso e incrementamos esa obra en 100.000 euros. Co cal quedou descolgada momentaneamente a Figueroa e... no, no, non quedou desvestido un santo, simplemente lle digo porque se fixo esa modificación. Simplemente didir que foi un comentario seu que, soubemos, penso que aproveitar e acometemos unha obra máis ambiciosa. En canto ó da Figueroa vaise a dotar e vaise a realizar por medio dos fondos que proveñen da Deputación.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Moitas grazas. Ten a palabra Sra. Louzao.*

Sra. Louzao- Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben, todavía nos quedaba aí a duda das augas no rural. Posiblemente se lle esquecerá no seu argumento. Dicir simplemente que ó final despois de toda a súa argumentación, o real, o único real é que efectivamente das contas do 2011 quedou máis de un millón de euros de remanentes e eses remanentes é obrigación dun concello, de todos, insisto, sexa o partido que sexa, buscar a xestión adecuada e iso permite que se diga o que vostedes dixeron cando chegaron ó goberno que o goberno estaba en bancarota, que o concello da Estrada estaba en bancarota era irreal. E é alarmar sen necesidade. Polo tanto é responsabilidade do concelleiro e do alcalde, deben de ser responsables dos veciños e non alarmar. Vamos ó que nos leva adiante hoxe que son o das obras. Decía vostede que no caso do de Figueroa se vai a deixar para máis adiante con*

outros fondos e o caso de Leicures. Efectivamente consideramos que se manifestou a través do Sr. Espiño na comisión, consideramos que esa obra debería de ser máis ambiciosa. Vostedes escolleron a nosa suxerencia o cal nos parece correcto porque insisto non é algo que descubrimos a dous meses de final de ano, en época electoral se non que é algo que vimos denunciando e que vimos dicindo desde principios de ano, que iso era urxente acometelo. Non Sr. Alcalde, antes non e remítome á hemeroteca e busque vostede cando o dixemos e vostede preferiu facer outras inversións en zonas cercanas en vez de acometer esas necesidades dos veciños. Polo tanto, se vostede di e llo acaba de dicir ó meu compañeiro que non hai debate, se quere vostede e eu debatemos, non hai ningún problema. Pero a situación é esa. Nos parece moi ben que colleran a nosa suxerencia porque, insisto, víase e esta era palpable, a necesidade en Leicures como é tamén noutras zonas da Estrada. Polo tanto, dende o noso grupo por responsabilidade e, insisto, considerando que isto se podería ter feito doutro xeito con máis organización e previsión vamos a votar a favor destas modificacións porque todo aquilo que beneficia A Estrada dende logo os socialistas o vamos a apoiar.

Sr. Alcalde: *Moi ben. Algunha outra intervención? Simplemente a modo de aclaración comentarlle a tódolos membros desta corporación que é mala suerte por parte deste goberno que os problemas da calle Leicures empezaran este ano, é unha cuestión de moi mala suerte, creo que máis ben non, máis ben é un tema que se ven repetindo desde fai anos, que houbo un goberno que tivo millóns de euros para poder invertir nesa obra que todos entendemos que era fundamental e necesaria e que decidiron invertelo noutro tema, noutros temas e que, polo tanto, cada un ten que asumir a súa responsabilidade, de cando decide e o custe da oportunidade de facer unhas cousas ou de facer outras. Nós entendemos que é unha necesidade, entendemos que debemos de intentar corrixir os graves problemas que temos nas infraestruturas urbanas e acometemos esa obra. Obra que se puido haber feito fai dous anos, fai tres e fai catro porque tamén rompía a calle Leicures, rompía dunha forma excesiva e tiveron 15 millóns de euros en obras do plan E, plan FEESL, plan Deputación e máis plans que tiveron vostedes, remanentes que utilizaron e nunha se acordaron da calle Leicures ata agora. Agora que un goberno que asume a súa responsabilidade e no peor momento vai asumir a reforma dunha calle que vai a supoñer unha inversión de preto de 250.000 euros, aí é nada pero bueno, curiosamente se fai agora e non se fixo antes cando había máis medios e máis posibilidades. No que respecta ó tema de Figueroa de Abaixo tamén é outro tema que deixaron vostedes pendente. Incluso creo que houbo algunha visita en campaña electoral e vostedes comprometéronse a facer esa obra e a vamos a facer nós. A vamos a facer nós tamén no peor momento pero a vai a facer este goberno non adiándoa como se comentaba aquí se non anticipándoa porque vai dentro do Plan de Investimentos da Deputación que, como ben saben, temos ata o día 30 deste mes para presentar os proxectos e os técnicos están xa na redacción deses proxectos para poder ser aprobados ó longo deste mes e poder remitirse á Deputación de Pontevedra para a súa financiación. Outros 90.000 euros que temos reservados nese Plan de Infraestruturas da Deputación para poder acometelo dunha forma áxil e eficiente. Posiblemente poidamos ter algún dos proxectos do Plan de Investimentos da Deputación en marcha, en execución antes do propio Plan de Investimentos do concello polos trámites que vai levar aparelado a aprobación plenaria que hoxe traemos aquí. Creo que tamén é importante destacar o tema dos abastecementos no rural. Non se deixa de facer ningún abastecemento. A modificación orzamentaria vai directamente motivada pola obra de abastecemento da auga en Guimarei, na parroquia de Guimarei, que ascende a entono 60.000 euros e onde vamos tamén por petición veciñal de todos eles comprometéndose a enganchar na rede pública de abastecemento de auga, vamos a dar ese servizo a tódolos lugares que quedan sen ese servizo público na parroquia e polo tanto será a primeira actuación que acometamos dentro dese Plan de Investimentos tamén ou nese plan de abastecementos de auga en función da demanda que nos vaian trasladando os veciños. Guimarei é a primeira e espero que detrás*

desa veñan máis porque como ben saben o concello formalizou o préstamo correspondente a este exercicio e dos 760.000 euros vamos a quedarnos con 700.000 euros sen dispoñer para poder acometer proxectos e inversión vinculadas a ese Plan de abastecementos e ó Plan Xeral. Quedarán sen utilizar ata que poñamos en marcha esas dúas iniciativas que son moi importantes. En definitiva, estamos falando de nove proxectos vinculando o Plan Deputación e o Plan Concello por importe de un millón de euros que vamos acometer de aquí a final de ano e como ben comentaba o concelleiro son na súa maioría recursos extraorxamentarios que nos van a permitir acometer obras que levaban sendo demandadas desde fai moito tempo polos nosos veciños. Pero non so nos quedamos en iso, se non que nesas modificacións presupuestarias hai un aspecto moi importante. Se falaba aquí da liquidación do exercicio 2011. Hombree, ó ritmo que ía o concello ata xuño posiblemente esa liquidación fora negativa en tres millóns de euros. Nós o que conseguimos cunha xestión óptima foi recortar de forma drástica o gasto corrente, pagar 1.800.000 euros de facturas que deixaron pendentes vostedes, que non o digo eu, que o di o informe de tesourería e o informe de intervención. Ademais non creo que lles sorprenda porque o informe anterior ó mes de xuño o firmou o alcalde anterior no mes de maio. E afirmou e firmou un informe de morosidade con 2.300.000 euros en facturas pendentes. Ou sexa que non é dicir que o firme o actual alcalde se non que o alcalde anterior, o mes antes de abandonar o goberno firmou un informe de morosidade con 2.300.000 euros de facturas pendentes. Polo tanto o recoñeceu el coa súa propia firma nese informe de morosidade de intervención e tesourería. Con iso queremos dicir que a xestión sigue sendo boa porque é algo do que non falan e do que pasaron por encima pero eu creo que é convinte deixalo claro. Hoxe tamén vai unha modificación presupuestaria para cancelar o préstamo ICO que pediu o concello da Estrada no mes de setembro do ano pasado. Tema non menor, curiosamente que non foi tocado nas súas intervencións polos voceiros dos grupos da oposición pero non é un tema menor. Vamos a ser capaces de amortizar un préstamo que se pediu en setembro do ano pasado, do ano 2011, de 600.000 euros para pago de facturas pendentes a provedores que vostedes deixaron a deber e que nós asumimos ese préstamo a través do ICO e que no pleno de hoxe vai a modificación orxamentaria para poder amortizar, para poder cancelar esa predación crítica e polo tanto deixar a cero ese préstamo que temporalmente pedimos para pagar as súas facturas. En un ano. Creo que tamén é un exemplo de xestionar ben e xestionando de forma rigorosa se poden conseguir recursos para poder facer unha xestión creo que austera e como debe de ser, como calquera de nós xestionaría nas nosas propias casas. E ademais diso, ademais da amortización do préstamo ICO polo tanto, nun ano fomos quen de pagar 600.000 euros de facturas pendentes a través do ICO, 600.000 euros a través dos presupostos do 2011 e aínda así ten remanentes e 600.000 euros con cargo ós presupostos do 2012, somos dos poucos concellos de Galicia que non tivemos que recorrer a un préstamo extraordinario para financiación dos concellos por parte do Ministerio e polo tanto deixamos as contas ó día e por encima aínda ese préstamo que pedimos no mes de setembro agora, no mes de outubro do ano 2012, xusto un ano despois, aportamos os fondos para amortizalo, para cancelalo. Ese é o resumo da xestión e é convinte que se sepa. Aí quedan ben as claras como fomos capaces de xestionar nos últimos seis meses do 2011 e de que forma se está facendo a xestión dos orzamentos no ano 2012, tema non menor como dicía antes. Despois tamén vai unha modificación presupuestaria para destinar os fondos, as pagas extras do goberno local para aportar ó banco de alimentos. Creo que é unha actuación... non, son as modificacións presupuestarias que ían e quedamos en que, polo menos foi o que se tratou, que se debatían todas xuntas. A aportación de máis de sete mil euros por parte da paga extra dos órganos do concello, do alcalde e dos concelleiros con dedicación exclusiva e do persoal de confianza para a posta en marcha dese banco de alimentos local que queremos poñer en marcha de aquí ás Navidades. Todas esas actuacións son importantes e desde logo creo que son dignas de mención e polo tanto iso, facer unha xestión o máis áxil posible para que antes de final de ano con cargos orxamentarios do 2012 poidamos mobilizar estes recursos. Porque se non o

facemos seguramente a crítica sería que o concello o porcentaxe de execución de obra ou de presuposto do concello sería baixo, polo tanto nós o que queremos e dispoñer e poñer tódolos medios e os recursos necesarios para dinamizala entidade económica e para recuperalo emprego. Esta é unha iniciativa que nós poñemos en marcha. Así que se non hai máis intervencións procedemos polo tanto á votación deste punto. Puntos numero dous, tres, catro, cinco, seis do pleno. Aprobábase por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE DESTINO DE TRES PRÉSTAMOS (EXERCICIOS DOS ANOS 2009, 2010 E 2012).

Apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

Tendo en conta os desestamentos na execución do gasto producidos nas seguintes aplicacións, financiadas cos préstamos que se indican e polos importes sinalados en cada caso:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTES / €			
		TOTAL	PRÉSTAMO 2012	B.B.V.A. 2010	B.B.V.A. 2009
161.1.623.00	INV. NOVO. PROXECTOS ABASTEC. AUGA ZONA RURAL	44.000,00	44.000,00		
165.633.20.01	INV. REPOSIC. CENTRALIZ. XESTIÓN E REDUCCIÓN GASTO ENERXÉTICO ALUMADO (APORTACIÓN MUNICIPAL)	23.289,57		23.289,57	
432.692.20.00	INV. REPOSIC. CONSERV. PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E NATURAL	43.565,13		43.565,13	
432.632.20.00	INV. REPOSIC. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCC.TURISMO	9.859,31		9.859,31	
151.600.29.00	EXPROPIACIÓN E ADQUISICIÓN DE TERREOS 2009	40.000,00			40.000,00
TOTAIS		160.714,01	44.000,00	76.714,01	40.000,00

- Sendo urxente a realización de varios investimentos en obras de infraestrutura e mellora de servizos,
- Visto o informe de Intervención de data 4-10-2012 unido ao expediente,

ACÓRDASE:

Aprobar as seguintes modificación de finalidades dos préstamos que se relacionan:

- Novos investimentos, a dotar:

APLICACIÓN	NOVO DESTINO		RECURSO AFECTADO	euros
	DESCRIPCIÓN	IMPORTE / €		
162.623.01	INV. NOVO. MAQUINARIA E INSTAL. COLECTORES, PAPELERAS E OUTROS. RECOLLIDA LIXO	15.000,00	PRÉSTAMO 2012	15.000,00
151.632.02	REPOSICIÓN SERVICIOS URBANÍSTICOS EN LEICURES E OUTROS.	84.214,01	PRÉSTAMO 2012	29.000,00
			B.B.V.A. 2010	55.214,01
161.0.623.03	INTALACIÓN DE DEPURACIÓN EN BALSEIROS-RUBÍN E OUTROS	61.500,00	B.B.V.A. 2010	21.500,00
			B.B.V.A. 2009	40.000,00
TOTAL.....		160.714,01		160.714,01

- Investimentos substituídos polos anteriores:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	TOTAL / €
161.1.623.00	INV. NOVO. PROXECTOS ABASTEC. AUGA ZONA RURAL	44.000,00
165.633.20.01	INV. REPOSIC. CENTRALIZ. XESTIÓN E REDUCCIÓN GASTO ENERXÉTICO ALUMADO (APORTACIÓN MUNICIPAL)	23.289,57
432.692.20.00	INV. REPOSIC. CONSERV. PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E NATURAL	43.565,13
432.632.20.00	INV. REPOSIC. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCC.TURISMO	9.859,31
151.600.29.00	EXPROPIACIÓN E ADQUISICIÓN DE TERREOS 2009	40.000,00
TOTAL.....		160.714,01

>>

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 15/D/2012 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 30/2012).

Apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

Visto o expediente de transferencia de créditos nº 15/D/2012 por importe de 139.213,05 euros coa finalidade de diminuír o nivel de endebedamento cos recursos obtidos da redución do 5 por cento da retribucións do persoal,

De conformidade co disposto no artigo 14 do Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, así como nos artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R.D. Legislativo 2/2004, de 5

de marzo; nos artigos 41 e 42 do R. Decreto 500/1990, de 20 de abril, e demais normativa aplicable

Visto o informe de Intervención de data 28-09-2012 incorporado ao expediente,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº 15/D/2012 (modificación orzamentaria nº 30/2012), consistente en transferencias de crédito entre aplicacións do orzamento de gastos do exercicio 2012 co detalle que de seguido se transcribe:

APLICACIONES DE GASTOS SUSCEPTIBLES DE REDUCCIÓN

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE BAIXA DE CRÉDITO / €
132.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Policía Local	8.902,87
132.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario.Policía Local	4.063,10
132.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario.Policía Local	2.261,43
151.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario.Urbanismo	7.454,91
151.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario.Urbanismo	2.772,40
151.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario.Urbanismo	3.029,89
161.1.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario.Serv. Augas	214,05
161.1.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario.Serv. Augas	1.019,88
161.1.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario.Serv. Augas	855,44
162.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario.Lixo e medio ambiente.	285,16
162.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario.Lixo e medio ambiente.	1.048,28
162.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario.Lixo e medio ambiente.	865,14
165.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario.Alumado público	147,59
165.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario. Alumado público	634,61
165.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal	693,09

	Funcionario.Alumado público	
230.0.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario.Serv. Soc. Xerais	74,15
230.0.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario.Serv. Soc. Xerais	221,00
230.0.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario.Serv. Soc. Xerais	168,15
320.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Educ. Básica	1.464,49
320.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario.Educ. Básica	951,97
320.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario.Educ. Básica	505,24
330.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Cultura	578,60
330.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario. Cultura	277,70
330.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario.Cultura	247,47
340.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario.Deportes	64,21
340.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario. Deportes	385,27
340.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Deportes	363,83
431.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Plaza de Abastos	7.108,96
431.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario. Plaza de Abastos	3.413,64
431.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Plaza de Abastos	2.164,70
450.0.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Vías Públicas	145,00
450.0.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario. Vías Públicas	442,01
450.0.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Vías Públicas	388,33
920.0.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Ad. Xeral	5.637,95
920.0.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario. Ad. Xeral	3.126,83
920.0.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Ad. Xeral	3.293,42
920.1.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Archivo	549,44
920.1.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario. Archivo	277,70
920.1.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Archivo	258,06

930.120.10	Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Serv. Económicos	7.277,30
930.121.00	Retrib. Complem. Destino. Persoal Funcionario. Serv. Económicos	3.948,75
930.121.01	Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Serv. Económicos	4.305,64
134.130.00	Retribucións. Persoal laboral fixo. Protec. Civil.	6.595,88
230.0.130.00	Retribucións. Persoal laboral fixo. Serv. Sociais	4.569,75
320.130.00	Retribucións. Persoal laboral fixo. Educación Básica .	2.220,63
323.0.130.00	Retribucións. Persoal laboral fixo. Gardería municipal.	1.575,32
324.0.130.00	Retrib. Persoal laboral fixo. Conservatorio de Música	7.498,09
330.130.00	Retribucións. Persoal laboral fixo. Cultura.	2.789,27
340.130.00	Retrib. Persoal laboral fixo discontinuo. Deportes	494,74
920.0.130.00	Retribucións. Persoal laboral fixo. Ad. Xeral.	1.705,33
924.1.130.00	Retribucións. Persoal laboral fixo. Omix.	1.037,89
930.130.00	Retribucións. Persoal laboral fixo. Serv. Económicos.	1.729,89
912.110.00	Retrib. Persoal de confianza e asesoramento especial	2.498,96
132.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Policía local	547,40
151.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Urbanismo	1.597,91
230.0.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Servicios sociais xerais	1.100,87
232.1.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Drogodependencias	992,54
232.4.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Centro de Información á Muller	751,34
324.0.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Conservatorio de Música	1.150,00
330.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Cultura	741,00
340.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Deportes	779,40
450.0.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Vías Públicas	378,50
920.0.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Ad. Xeral	171,21
927.131.00	Retribucións persoal laboral temporal. Departamento informática	1.335,88
930.131.00	Retribucións persoal laboral temporal.	851,95

	Servicios económicos	
912.110.02	Outras remunerac. Persoal eventual. Gratificac. Órganos de goberno.	30,00
132.151.00	Gratificacións persoal funcionario. Policía Local	4.178,10
230.0.130.01	Outras remunerac. Persoal laboral fixo. Serv. Sociais Xerais	408,40
930.130.01	Outras remunerac. Persoal laboral fixo. Serv. Económicos	1.000,00
230.0.131.01	Outras remunerac. Persoal laboral temporal. Servicios Sociais Xerais	470,15
920.0.150.00	Productividade. Funcionarios	2.950,00
920.0.150.01	Productividade. Substitución categorías superiores	525,00
920.0.150.02	Productividade persoal laboral fixo	1.250,00
920.0.150.03	Productividade persoal laboral temporal	400,00
920.0.121.03	Dotac. Negoc. Colectiva. Persoal Concello	3.000,00
TOTAL BAIXAS DE CRÉDITO.....		139.213,05

APLICACIÓNS DE GASTOS CON AUMENTOS DE CRÉDITO

APLICACIÓ N	DENOMINACIÓN	IMPORTE ALTA DE CRÉDITO/ €
011.911.15	Amortización préstamo longo prazo I.C.O. 2011	139.213,05
TOTAL ALTA DE CRÉDITO IGUAL ÁS BAIXAS.....		139.213,05

SEGUNDO: Este expediente de modificación de crédito (transferencia), que se aproba inicialmente, exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 marzo, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2/R/2012 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 31/2012)

Apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

Visto o expediente de suplemento de crédito número 2/R/2012 dirixido a reducir o endebedamento neto nun total de 246.362,19 euros, consonte ao establecido no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira,

De conformidade co disposto nos artigos 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; nos artigos 34 a 38 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril, e na demais normativa aplicable,

Visto o informe de Intervención de data 28-09-2012 incorporado ao expediente,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 2/R/2012, modificación orzamentaria número 31/2012, financiado con baixas de crédito e Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

APLICACIÓN	DESCRICIÓN	IMPORTE
011.913.14	Amortización Préstamo Longo Prazo 2010 B.B.V.A. 46275442	692,89
011.911.15	Amortización Préstamo Longo Prazo I.C.O. 2011	245.66 9,30
	TOTAL.....	246.36 2,19

II- FINANCIACIÓN:

Remanente de Tesourería para gastos xerais:

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	246.362,19
	TOTAL REMANENTE TESOURERÍA GASTOS XERAIS.....	246.362,19

SEGUNDO: Este expediente de modificación de crédito (suplemento), que se aproba inicialmente, exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 marzo, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 3/R/2012 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 32/2012).

Apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

Visto o expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito número 3/R/2012, motivado pola urxente e inaprazable necesidade de acometer obras de reposición de servizos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte,

De conformidade co disposto nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; nos artigos 34 a 38 e 49 a 51 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril, e na demais normativa aplicable,

Visto o informe de Intervención de data 4-10-2012 incorporado ao expediente,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito número 3/R/2012 -modificación orzamentaria número 32/2012- con cargo a remanente líquido de tesourería e baixas de crédito noutras aplicacións financiadas con préstamos unha vez aprobados os oportunos cambios de destino, de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS: APLICACIÓNS ÁS QUE SE DOTA DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO / €			PRÉSTAMO O 2012	B.B.V.A. 2010	B.B.V.A. 2009	R.L.T.
151.632. 02	REPOSICIÓN SERVIZOS URBANÍSTICOS EN LEICURES E OUTROS	250.000, 00	29.000,00 €	55.214,01 €		165.785,9 9 €
161.0.62 3.03	INTALACIÓN DE DEPURACIÓN EN BALSEIROS- RUBÍN E OUTROS	61.500,0 0		21.500,00 €	40.000,0 0 €	0,00 €
TOTAL CRÉD. EXTRAORDINARIO.....		311.500, 00	29.000,00 €	76.714,01 €	40.000,0 0 €	165.785,9 9 €

SUPLEMENTO DE CRÉDITO / €			PRÉSTAMO 2012	B.B.V.A. 2010	B.B.V.A. 2009	R.L.T.
434.635.00	INV. REPOSIC. MOBILIARIO URBANO. PROMOCIÓN COMERCIAL	10.000,00				10.000,00 €
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO.....		10.000,00	0,00	0,00	0,00	10.000,00 €
TOTAL EXPEDIENTE.....		321.500,00	29.000,00 €	76.714,01 €	40.000,00 €	175.785,99 €

II.- FINANCIACIÓN:

REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA E BAIXAS DE CRÉDITO NAS SEGUINTE APLICACIÓNS:

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €
870 00	REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	175.785,99
TOTAL REMANENTE TESOURERÍA GASTOS XERAIS....		175.785,99

BAIXAS DE CRÉDITO		TOTAL / €	PRÉSTAMO 2012	B.B.V.A. 2010	B.B.V.A. 2009
161.1.623.00	INV. NOVO. PROXECTOS ABASTEC. AUGA ZONA RURAL	29.000,00	29.000,00 €		
165.633.20.01	INV. REPOSIC. CENTRALIZ. XESTIÓN E REDUCCIÓN GASTO ENERXÉTICO ALUMADO (APORTACIÓN MUNICIPAL)	23.289,57		23.289,57 €	
432.692.20.00	INV. REPOSIC. CONSERV. PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E NATURAL	43.565,13		43.565,13 €	
432.632.20.00	INV. REPOSIC. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUC.TURISMO	9.859,31		9.859,31 €	
151.600.29.00	EXPROPIACIÓN E ADQUISICIÓN DE TERREOS 2009	40.000,00			40.000,00 €
TOTAL BAIXAS DE CRÉDITO....		145.714,01	29.000,00 €	76.714,01 €	40.000,00 €

SEGUNDO: Este expediente de modificación de crédito que se aproba inicialmente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 marzo, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 16/D/2012 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 33/2012).

Apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

Visto o expediente de transferencia de créditos número 16/D/2012,
De conformidade co disposto nos artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo; nos artigos 41 e 42 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril, así como na Base nº 13 de execución do orzamento en vigor,

Visto o informe de Intervención de data 4-10-2012 unido ao expediente,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente número 16/D/2012 -modificación orzamentaria número 33/2012- de transferencia de créditos entre aplicacións do orzamento de gastos do exercicio 2012 co detalle que de seguido se transcribe:

APLICACIÓNS DE GASTOS SUSCEPTIBLES DE REDUCCIÓN

APLICACIÓ N	DENOMINACIÓN	IMPORTE BAIXA DE CRÉDITO / €
912.100.00	Retribucións Básicas. Órganos de Goberno	7.285,74
TOTAL BAIXAS DE CRÉDITO.....		7.285,74

APLICACIÓNS DE GASTOS CON AUMENTOS DE CRÉDITO

APLICACIÓ N	DENOMINACIÓN	IMPORTE ALTA DE CRÉDITO / €
231.0.226.12	Atencións benéficas. Nadal. Servizos Sociais.	7.285,74
TOTAL ALTA DE CRÉDITO IGUAL ÁS BAIXAS.....		7.285,74

SEGUNDO: Este expediente de modificación de crédito (transferencia) que se aproba inicialmente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 marzo, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Neste intre abandona a sesión plenaria o concelleiro do BNG D. Xosé Magariños Maceiras

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO AO RECOÑECIMENTO DE PRESTACIÓN ECONÓMICA NA

SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DA ESTRADA.

Sr. Alcalde: *Punto numero sete aprobación, se procede, do ditame da comisión informativa de organización, persoal e asuntos xerais relativo ao recoñecemento de prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal do concello da Estrada. Ten a palabra o Sr. Alberto Blanco.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Esta proposta é relativa ás aportacións económicas que correrían a cargo do concello da Estrada no caso de incapacidades temporales ou transitorias dos traballadores desta administración. Este acordo, como ben sabemos todos, nace penso que exactamente como foi proposto pola Xunta de Persoal do concello. Fíxose simplemente unha transcripción e así foi aprobado pola comisión.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Algunha intervención?. Ten a palabra Sra. Louzao.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben e perdón porque claro despois desta última intervención quedei así algo pensativa porque non sei penso que a orde do día xa a leramos todos e a verdade quedei algo pensativa así sobre todo porque quedei pensando, escoitando as palabras do Sr. Alcalde como se chamaba aquel visionario das catástrofes e non me lembro moito do nome pero bueno recordábame un pouco o Sr. Alcalde ese tema, ó seu fío. Volvendo á orde do día porque penso que é o que nos compete e vamos a ser serios por unha vez visto o visto, como xa se falou na comisión, estamos de acordo e é unha proposta elevada a máximos a petición dos traballadores e dos sindicatos. Polo tanto, o noso grupo, como xa fixemos na comisión vamos a manter o voto e vamos a votar a favor desta proposta que, insisto, nace dos traballadores.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Pois alégrome de que vostede queira ser seria por primeira vez, é unha cousa importante e a ver se é un precedente para as seguintes sesións plenarias. Eu remítome ó que vostede acaba de dicir, que queira ser seria por primeira vez, me parece aceptable e me parece moi razoable e moi adecuado pola súa parte para que así sexa a partir de agora. Así que sendo unha proposta da Mesa de Negociación que nos parece razoable porque evidentemente estamos intentando chegar a un acordo que sexa o máis óptimo para os traballadores desta casa. Creo que é de recoñecer tamén o esforzo que se fai por parte Corporación. Aínda que o persoal puidese plantexar ese acordo a nosa obrigação podía ser aceptala ou non. Polo tanto, creo que é bo de vez en cando tamén velar e recoñecer o traballo que están facendo os funcionarios públicos. Creo que de aquí debemos de facer tamén un recoñecemento público ó traballo que se está facendo pero adecuar as súas condicións laborais á legalidade vixente é a nosa obriga. Polo tanto, sometemos a votación este punto. Aprobase por unanimidade.*

Finalmente apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

Visto o Real Decreto Ley 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Visto que o artigo 9 do citado Real Decreto afecta ás prestacións económicas que está a percibir o persoal deste Concello cando se atopan en situación de Incapacidade Laboral Transitoria.

Visto o apartado 5 do artigo 9, que literalmente transcrito di:

"Cada Administración Pública poderá determinar, respecto ao seu persoal, os supostos nos que con carácter excepcional e debidamente xustificadas se poida establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o cen por cen das retribucións que viñeran disfrutando en cada momento. A estos efectos, consideraranse en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica".

Visto o escrito da Xunta de Persoal, rexistrado de entrada o día 5 de outubro de 2012, co nº 11047.

Vista a fiscalización da Intervención Municipal de data 8 de outubro de 2012.

ACÓRDASE:

O Concello da Estrada asegurará e aboará a todo o persoal en situación de Incapacidade Temporal os seguintes complementos:

1.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns:

a) Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día, inclusive, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 50% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos todos os conceptos.

b) Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o día 20, inclusive, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 75% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos todos os conceptos.

c) A partires do día 21 se aboará un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos todos os conceptos.

2.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais (accidente laboral ou enfermidade profesional) e perante todo o período de duración da mesma, a percepción do 100% das retribucións, por todos os conceptos, que viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos todos os conceptos.

3.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns se lle recoñecerá dende o inicio da Incapacidade Temporal, un complemento retributivo do 100% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos todos os conceptos nas seguintes situacións:

Hospitalización
Intervención cirúrxica ou ambulatoria
Risco por embarazo
Maternidade
Paternidade
Risco perante a lactancia natural
Accidente grave ou moi grave
IT por enfermidade relacionada con discapacidades recoñecidas cun grao do 33% ou superior.
IT sen hospitalización provocada por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversibles e/ou incurables.
IT sen hospitalización pero que requira tratamento ou terapia hospitalaria por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversibles e/ou incurables.
Procesos oncolóxicos.
Períodos de recuperación ou postoperatorios e recaída dos mesmos.

4.- Cando haxa dúbidas en situacións distintas as enumeradas nos apartados anteriores serán resoltos por acordo entre a representación dos traballadores e o Concello.

Sr. Alcalde: *Non habendo máis asuntos que tratar levantámola sesión.*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, levántase a sesión ás vinte unha horas e vinte un minutos.

A Estrada, 15 de outubro de 2012
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas